

Boletín Informativo da Asociación de Veciños "Río Lambre" de Ponte do Porco

Boletín N. 3 - Decembro 2008

Contidos

Carta aberta da presidenta
Reunión co alcalde
O Nadal
Acerca das contas



Por fin sale a la calle el boletín número 3 de la Asociación de Vecinos, en el cual se hace un resumen de las últimas noticias que acontecieron en nuestra Asociación.

En este tercer número tratamos nuestra última "**Reunión con el alcalde**" o el tema de las "**Cuentas**

" entre otros. Además nuestra presidenta hace un balance del año que lleva al frente de la Asociación.

Esperamos también vuestras sugerencias para el futuro y esperamos manteneros informados de todo lo que vaya sucediendo alrededor de nuestra Asociación.

También se puede descargar el boletín en formato pdf en el enlace inferior y leerlo tranquilamente donde mejor os apetezca.

[Descargar el boletín N.3](#)

Se quiere colaborar en la conservación del medio ambiente puede ayudar leyendo las noticias de nuestra Asociación en esta página web o enviando un correo electrónico a abarcenilla@gmail.com y a partir de ese instante le enviaremos toda la información de la Asociación a través de su correo electrónico.

Boletín Informativo da Asociación de Veciños "Río Lambre" de Ponte do Porco
Boletín N.3 – Decembro 2008

Carta aberta da presidenta

Hai pouco máis dun ano accedín á presidencia desta Asociación recollendo a testemuña que nos pasou a anterior directiva. Foi un ano difícil para todos nós porque a maior parte eramos novatos nestas lides, aínda que satisfactorio por todo o que realizamos. Como observastes continuamos na liña de traballo dos nosos predecesores, intentando facer unhas festas o mellor que puidemos e facendo todas as xestións que vemos necesarias para a melloría da calidade de vida dos nosos veciños. Entre outras cousas intentamos que o paseo fose feito no lugar máis conveniente para todos os veciños e por iso tivemos varias reunións cos representantes de costas e fixemos varias reclamacións ante o concello de melloras para o noso pobo.

Todas as suxestións que vaian encamiñadas a mellorar o noso pobo e a convivencia de todos nós serán benvidas pola nosa banda; para iso tedes a nosa páxina web á vosa disposición, ou simplemente nolo comentades cando nos vedes polo pobo. É moi importante que esteamos todos unidos porque así conseguiremos facer máis forza ante o concello, e por iso espero recibir da xente que discrepa connosco as súas opinións porque son tan importantes como as opinións do resto de veciños.

Nada máis, grazas pola confianza que depositastes en nós e desexarvos que pasedes un feliz Nadal e que o 2009 sexa moi bo para todos.

Amara Barcenilla
Presidenta da Asociación de Veciños

Conversa co alcalde

O pasado día 10 de decembro os representantes da Asociación de Veciños fomos recibidos polo alcalde de Miño, Juan Maceiras Barros, na que foron tratados diversos temas de interese para o noso pobo.

Entre os máis destacados, temos o compromiso do asfaltado de rúa alameda para o próximo mes de marzo, así como a eliminación do charco que se forma na entrada da praia cando chove e que fai imposible o paso por dita rúa. O concello tamén investirá 40.000 euros na ampliación do parque e a eliminación da balastrada orixinal do mesmo que non foi cambiada no proxecto orixinal.

Tamén se falou sobre do aparcamento na praia ou os farois do paseo de madeira, así coma dos temas máis tradicionais coma pode ser o desexado e prometido no programa do equipo de goberno "Local Social". Neste senso, o alcalde comenta que non pode facer nada mentres non teña un terreo onde construílo.

Para coñecer os detalles da nosa conversación achegamos o acta da reunión. Así mesmo poderedes ver tanto na nosa web como no Bar a Ría, o documento entregado pola Asociación no concello que contén un catálogo de fotos que mostran a situación do noso pobo e as nosas reclamacións de melloras para o mesmo.

Acerca das contas

Na derradeira asemblea xurdiu a dúbida en relación a subvención das festas do ano 2007. Simplemente é necesario comentar que esa subvención foi conseguida, como é evidente, pola antiga xunta directiva aínda que aparece nas contas do seguinte exercicio porque foi ingresada despois da xunta extraordinaria dese ano e polo tanto debe contemplarse nas contas do ano 2008 xa que dita xunta marca un novo ciclo nas contas.

O Nadal

Dende aquí queremos felicitar a todos os nosos veciños o Nadal e que o ano novo sexa moi bo para todos.

Recordarvos tamén que está a vosa disposición a lotería da Asociación. O número é o 49.553 e poderedes conseguilo poñéndoos en contacto con calquera membro da Xunta directiva.

Se quere colaborar na conservación do medio ambiente pode axudar lendo as noticias da nosa Asociación na páxina web www.riolambre.es ou enviando un correo electrónico a abarcenilla@gmail.com e a partir dese instante enviáremolle toda a información da Asociación a través do seu correo electrónico.